



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Psicología: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento

Materia	Psicología: Prevención e tratamento das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento			
Código	P02G120V01204			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicología evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Alvarez Lires, Francisco Javier			
Profesorado	Alvarez Lires, Francisco Javier			
Correo-e	xlires@mundo-r.com			
Web				
Descrición xeral	Estudo teórico-práctico das dificultades da aprendizaxe e os trastornos de desenvolvemento. Tratamentos psicolóxicos dos mesmos e xeitos de realizar a súa prevención			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B8	Toma de decisións
B15	Aprendizaxe autónoma

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Identificar as dificultades da aprendizaxe e as disfuncións da personalidade.	A1	B8
2. Comunicalas e colaborar no seu tratamento.	A4 A10	B1 B2 B3
3. Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.	A2	B2
4. Aplicar os coñecementos adquiridos para favorecer a aprendizaxe e o desenvolvemento en contextos diversos e plurais.	A2 A4	B2 B15
5. Analizar de maneira crítica os coñecementos que proveñen da psicología da educación e do desenvolvemento para construír unha visión propia, integradora e articulada que permita mellorar a aprendizaxe e o desenvolvemento das nenas e nenos con necesidades específicas de apoio educativo.	A1	B8

## Contidos

### Tema

<input type="checkbox"/> As necesidades específicas do apoio educativo	Concepto e tipos de dificultades da aprendizaxe escolar en primaria
<input type="checkbox"/> Identificación, prevención e intervención psicoeducativa das dificultades na aprendizaxe escolar, durante a educación primaria	Intervención psicoeducativa nas dificultades específicas da aprendizaxe escolar
<input type="checkbox"/> Identificación, prevención e intervención psicoeducativa das dificultades na aprendizaxe escolar, asociadas a factores sociais en educación primaria	Intervención psicoeducativa nas necesidades globais da aprendizaxe escolar (trastornos do desenvolvemento)
<input type="checkbox"/> Identificación, prevención e intervención psicoeducativa dos trastornos do desenvolvemento na educación primaria	Intervención psicoeducativa nas necesidades específicas do apoio educativo (trastornos do desenvolvemento)

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	35	35	70
Actividades introdutorias	5	0	5
Sesión maxistral	30	45	75

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Seran realizados baixo a supervisión do profesor, seran repartidos por grupos . Ao finalizar cada traballo o grupo que o realizou explica brevemente ao resto dos grupos . A elaboración do traballo sera supervisada en todo momento polo profesor , ben directamente na aula, mediante titoria ou por medios informáticos
Actividades introdutorias	Presentación da guía docente da materia.
Sesión maxistral	Exposición do profesor dos aspectos xerais de cada un dos temas da materia.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Trátase de resolver de forma individualizada as diferentes dúbidas e cuestións que o alumnado, ben de forma individual ou en grupo pequeno, teña con respecto aos contidos da materia, a execución práctica dos traballos, a elaboración de traballos ou a redacción final destes.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Serán realizados en pequeno grupo baixo a supervisión do profesor. Ao finalizar cada traballo, o grupo que o realizou explicará brevemente ao resto de grupos. A elaboración do traballo será supervisada en todo momento polo profesor , ben directamente na aula, mediante titoría ou por medios informáticos	100

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder acollerse á avaliación continua a través de actividades na aula virtual é preciso asistir ás aulas nun 80% do tempo presencial cun aproveitamento axeitado. Aquel alumnado que non conte coa citada porcentaxe de asistencia, terá que realizar un exame nas datas establecidas oficialmente para a primeira convocatoria e, se é o caso, para a segunda.

Os documentos e arquivos dos traballos e tarefas do curso serán dispostos, en tempo e forma segundo os prazos programados, por cada alumna e cada alumno no seu espazo persoal respectivo na aula virtual do curso en FAITIC, en formatos de código aberto ou de visores libres.

Para obter unha avaliación positiva é preciso obter a cualificación de aprobado en cada un dos apartados establecidos nas probas de avaliación e observar un comportamento correcto nas sesións presenciais, xa que se valorará como condición imprescindible que o aproveitamento e a participación sexan axeitadas. A cualificación final será obtida mediante a acumulación porcentual de cada unha das cualificacións singulares.

O alumnado que se puido acoller ao sistema de avaliación continua na primeira convocatoria, poderá optar por realizar as actividades pendentes de avaliación positiva ou pola realización dun exame. Gardarene as cualificacións positivas acadadas na primeira convocatoria, que se promediarán coas obtidas nesta, de acordo coas porcentaxes indicadas anteriormente. Dito alumnado tamén poderá optar por realizar un exame.

## Bibliografía. Fontes de información

Deaño, M (2000). Como prevenir las dificultades del cálculo. Málaga: Aljibe

Deaño, M. (2001). Intervención Psicopedagógica en la Deficiencia Mental. Ourense: Ediciones Gersam

García, J.M., Pérez, J. e Berruezo, P. (2002). Discapacidad intelectual. Desarrollo, comunicación e intervención. Madrid: Cepe.

González Pienda, J. y Nuñez Perez, J.C (1998). Dificultades de aprendizaje escolar. Madrid: Piramide

Marchesi, A., Coll, C. e Palacios, J. (compls.) (1999). Desarrollo psicológico y educación 3. Trastornos del desarrollo y necesidades educativas especiales. Madrid: Alianza.

Martín-Caro, L. e Junoy, M. (2001). Sistemas de comunicación y parálisis cerebral. Madrid: ICCE.

Molina, S. ; Sinués, A. Deaño, M. (1998). El fracaso en el aprendizaje escolar (II). Dificultades específicas de tipo neuropsicológico. Málaga: Aljibe

Rosa, A. Montero, I. e García, M.C. (1993). El niño con Parálisis Cerebral: Enculturización, desarrollo e intervención Madrid: CIDE.

Silvestre, N. (2000). Sordera. Comunicación y aprendizaje. Barcelona: Masson.

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomienda cursar simultaneamente**

---

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/P02G120V01202

---

### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

---

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar/P02G120V01205

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/P02G120V01103

---